

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOVA COLECCIÓN DE FAKTORÍA K

Poesía para ler, poesía para mirar

En 'Trece lúas' publicaranse obras poéticas con acompañamento gráfico, comezando por dúas escolmas de Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro.

Redacción - 17:32 25/03/2008

[Faktoria K](#) vénnos afacendo nos últimos anos á publicación de obras orixinais e valiosas no seu contido (aí está a súa [colección de narrativa](#), na que viron a luz traducións ao galego de importantes obras da literatura internacional), e [tamén na forma](#). Os seus libros veñen acompañados por un deseño gráfico innovador e atractivo, a cargo de artistas como [Marc Taeger](#).

Agora presenta *Trece lúas*, unha colección de poesía que se inaugura con dous títulos, dúas escolmas poéticas de Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro. A orixinalidade reside nas imaxes que acompañan aos poemas, obra de Belén Padrón e Baldo Ramos, e que mesmo aparecen en páxinas despregábeis. Son polo tanto libros para ler e para mirar.

Ambos os dous libros presentaranse este martes na librería Couceiro de Compostela, nun acto ao que acudirán [Helena Villar](#), presidenta da [Fundación Rosalía de Castro](#), [Ramón Nicolás](#), especialista na obra de Celso Emilio, e o artista Baldo Ramos.